

1 Ao circo chegou unha visita.
 A visita foi da tía Felisa. A tía Felisa veu ao circo para falar de Estela.
 Logo de pasar dous días no circo cos seus, lembrar tempos atrás e revivir historias da-
 5 aínda que non resultase doadada, tamén fora bonita.
 O asunto principal que a levara ata o circo estaba decidido: Estela iría con ela á Coruña.
 Empezaría sen perda de tempo un curso escolar.
 O estado de ánimo da rapaza era difícil de explicar. Entre a ilusión e o temor. Estraña si-
 tuación era aquela. Temor porque se ía enfrontar a unha vida nova, con moitos cambios:
 10 caravana por casa, carpa de circo por un colexio, convivencia dos pais pola de tía Felisa...,
 ademais doutras persoas que andarían ao seu redor: compañeiros, profesores, veciños...
 Tamén cambiaría espazos naturais, onde normalmente asentaban o circo, pola cidade.

Concha Blanco: *Estela, domadora de ras*, Ed. Ir Indo.

1 Quen chegou ao circo? Cantos días quedou?

.....

2 Por que se sentía emocionada?

.....

.....

3 Cal era o motivo da súa visita ao circo?

.....

4 Como se sente Estela?

.....

- Como cres que te sentirías ti? Por que?

.....

5 Vanse producir moitos cambios na súa vida. Indícaos:

caravana →

pais →

carpa →

circo →

6 Como buscarías no dicionario as palabras subliñadas?

.....

7 Relaciona as palabras anteriores coa definición que corresponda:

- a) : Colocar algo nun lugar, de maneira que quede fixo e seguro.
- b) : Que se fai sen esforzo.
- c) : Remolque que serve como vivenda.

8 Escribe CV (comunicación verbal) ou CNV (comunicación non verbal), segundo se empreguen palabras ou non nesa comunicación:

- A tía Felisa contando historias.
- O sorriso dun pallaso.
- O cartel do circo.
- A cara de Estela pensando.

9 Divide en sílabas estas palabras do texto e subliña a tónica no teu caderno:

- escolar difícil
- ánimo temor:
- veciños tamén

10 Escribe en futuro este fragmento do texto, seguindo o exemplo:
Recuperara unha parte da súa vida---> Recuperará unha parte da súa vida
«Recuperara unha parte da súa vida que aínda que non resultase doada, tamén fora bonita.
O asunto principal que a levara ata o circo estaba decidido: Estela iría con ela á Coruña. Empezaría sen perda de tempo un curso escolar».

.....
.....
.....
.....
.....